

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**11713** *Lei orgánica 7/2014, do 12 de novembro, sobre intercambio de información de antecedentes penais e consideración de resolucións xudiciais penais na Unión Europea.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### PREÁMBULO

I

A cooperación xudicial da Unión Europea articúlase sobre a base dos principios básicos da harmonización de lexislacións e o recoñecemento mutuo de resolucións xudiciais, como se proclama nos artigos 67 e 82 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

O principio de recoñecemento mutuo como peza básica da cooperación xudicial civil e penal na Unión Europea supuxo unha auténtica revolución nas relacións de cooperación entre os Estados membros ao permitir que o recoñecemento e a execución ou cumprimento das resolucións xudiciais traspase as fronteiras do Estado onde se ditaron para ser efectiva nos demais Estados.

Este novo modelo de cooperación xudicial comporta un cambio radical nas relacións entre os Estados membros da Unión Europea ao substituír as antigas comunicacións entre as autoridades centrais ou gubernativas pola comunicación directa entre as autoridades xudiciais, o que, xunto a outras medidas, logrou simplificar e axilizar os procedementos de transmisión das resolucións xudiciais. Non obstante, as autoridades centrais dos Estados, fundamentalmente os distintos ministerios de Xustiza, prestan unha valiosa axuda ao funcionamento do sistema.

Así se pon de manifesto nas dúas normas da Unión Europea que son obxecto de transposición nesta lei e que contribúen a un mellor funcionamento das normas de recoñecemento mutuo, ás cales complementan. Trátase da Decisión marco 2008/675/JAI do Consello, do 24 de xullo de 2008, relativa á consideración das resolucións condenatorias entre os Estados membros da Unión Europea con motivo dun novo proceso penal, e da Decisión marco 2008/315/JAI, do 26 de febreiro de 2009, relativa á organización e ao contido do intercambio de información dos rexistros de antecedentes penais entre Estados membros. Neste sentido, o programa de medidas destinado a pór en práctica o principio de recoñecemento mutuo das resolucións en materia penal recollía a necesidade de adoptar un ou varios instrumentos que garantisen que a autoridade xudicial dun Estado membro puidese ter en conta as resolucións penais definitivas ditas nos demais.

II

A lei iníciase cun título preliminar que contén o seu obxecto e o seu réxime xurídico, no que destaca o papel que xogan aquí os convenios bilaterais ou multilaterais entre os Estados membros, que contribúen a un mellor funcionamento dos rexistros de antecedentes penais. A continuación, a lei estrutúrase noutros dous títulos que se

dedican, respectivamente, a regular o réxime aplicable ao intercambio de información sobre antecedentes penais entre o Rexistro Central de Penados e as autoridades responsables dos rexistros nacionais da Unión Europea e á consideración de resolucións xudiciais condenatorias previas ditadas noutros Estados membros da Unión Europea. Estas normas coordínanse coa reforma do Código penal para que os efectos da reincidencia sexan aplicables nas mesmas condicións cando a sentenza condenatoria fose ditada en España ou en calquera outro Estado membro da Unión Europea.

## III

A presente lei dota de maior seguranza xurídica unha actuación que, no marco da cooperación xudicial da Unión Europea, xa vén desenvolvendo o Rexistro Central de Penados do Ministerio de Xustiza, como autoridade competente para a remisión e a petición da información relativa aos antecedentes penais. O rexistro español xa participou, primeiro, no proxecto piloto «Rede de rexistros xudiciais», a través do cal varios Estados da Unión Europea intercambiaban información sobre antecedentes penais electronicamente. Esta rede foi substituída polo Sistema europeo de información de antecedentes penais (ECRIS), creado pola Decisión 2009/316/JAI do Consello, do 6 de abril de 2009, a cal se ditou precisamente en aplicación do artigo 11 da Decisión marco 2008/315/JAI, que se incorpora nesta lei. Na práctica, ECRIS é un sistema electrónico de interconexión das bases de datos dos rexistros de antecedentes penais de todos os Estados membros no cal estes intercambian información sobre condenas dunha maneira rápida, uniforme e facilmente transferible por ordenador. Este sistema xa permite a xuíces e fiscais acceder facilmente a unha información completa sobre o historial delituoso de calquera cidadán da Unión Europea, con independencia do país europeo en que fose condenado.

Estas garantías complementáanse a través do título I desta lei con normas que aseguren a eficacia da cooperación entre as autoridades competentes dos distintos Estados, como se manifesta nas normas que establecen a propia obriga de informar das condenas, o contido desa información ou os prazos en que se debe practicar.

Todas estas normas concéntranse, na súa aplicación en España, no Rexistro Central de Penados, dependente do Ministerio de Xustiza. De acordo coas normas obxecto de transposición, a información que trasladarán ao Rexistro español é a que se refire a condenas impostas a españois ou a persoas que residiron en España polos tribunais doutro Estado membro. Hai normas específicas no que se refire ás condenas impostas a menores e regras de acordo coas cales uns antecedentes se poden ter por cancelados para efectos da súa toma en consideración por xuíces e tribunais, pero manterse para retransmitilos a outros Estados, de acordo co que comunique a autoridade central do Estado de condena.

Do mesmo modo, o Rexistro Central de Penados informará das condenas ditadas en España as autoridades centrais dos Estados da nacionalidade do condenado, así como das súas modificacións ou da súa cancelación, impedindo a súa utilización fóra dun proceso penal.

Débese destacar que as peticións de antecedentes ás autoridades competentes doutros Estados por parte do Rexistro Central de Penados se produce por instancia de xuíces e fiscais no marco dun proceso penal, así como nos demais supostos previstos polo ordenamento xurídico.

## IV

A regulación do título II desta lei supón a consagración do principio de equivalencia das sentenzas ditadas na Unión Europea mediante a súa toma en consideración en procesos posteriores derivados da comisión de novos delitos. Isto significa que, ao igual que ocorre coas condenas anteriores pronunciadas en España, as que se diten noutros Estados membros deberán ser tidas en conta tanto durante o proceso como na fase previa a el e na de execución da condena. Esa toma en consideración queda limitada nos

seus efectos aos que teña unha condena ditada en España e, ademais, suxeita ao requisito de que a condena noutro Estado membro sexa imposta por feitos que sexan punibles de conformidade coa lei española vixente na data da súa comisión.

O recoñecemento de efectos alcanza non soamente o momento de imposición da pena, senón que se estende ás resolucións que se deban adoptar na fase de investigación do delito ou na da execución da pena, por exemplo, cando se resolva sobre a prisión preventiva dun sospeitoso, sobre a contía da súa fianza, a determinación da pena, a suspensión da execución dunha pena ou a súa revogación, ou a concesión da liberdade condicional.

Xunto a este principio xeral, co propósito de reforzar a seguranza xurídica, a lei enumera, en liña coas previsións ou facultades previstas na decisión marco, os supostos en que tales condenas non poden ser tomadas en consideración: para efectos da revisión das condenas que xa foron impostas con anterioridade en España ou das resolucións ditadas para dar inicio á súa execución; para efecto das condenas que eventualmente se imponían con posterioridade en España por delitos que se cometeron antes de que fose imposta a condena anterior polo outro Estado membro; así como en relación coas resolucións sobre fixación dos límites de cumprimento da pena que se diten conforme o artigo 988 da Lei de axuízamento criminal cando inclúan algunha desas condenas.

Así mesmo, a firmeza desas condenas impostas noutros Estados constitúe outra garantía ineludible, que impide que, no seu defecto, se poidan tomar en consideración.

Polo que respecta á forma de solicitar a información relativa ás resolucións condenatorias ditadas noutros Estados, o xuíz ou tribunal obterá a información mediante o intercambio de información sobre antecedentes penais ou a través dos instrumentos de asistencia xudicial vixentes. Deste modo, o Rexistro Central de Penados constitúese de novo nun instrumento fundamental de apoio ao labor dos tribunais. Só cando a información obtida por estas vías sexa suficiente poderá ser tomada en consideración polo xuíz ou tribunal competente.

En definitiva, o carácter instrumental desta lei dentro do ámbito da cooperación xudicial na Unión Europea supón incrementar a súa eficacia e con isto a seguranza dos cidadáns dentro do espazo europeo de liberdade, seguranza e xustiza a través do intercambio de información sobre as condenas penais entre Estados membros.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto da lei.*

Esta lei ten por obxecto regular o réxime aplicable ao intercambio de información sobre antecedentes penais das persoas físicas entre o Rexistro Central de Penados e as autoridades responsables dos rexistros nacionais de cada un dos Estados membros da Unión Europea e á consideración nos procesos penais tramitados en España de resolucións condenatorias definitivas e firmes ditadas por un órgano xurisdiccional penal pola comisión dun delito con anterioridade contra as mesmas persoas físicas noutros países Estados membros da Unión Europea.

#### Artigo 2. *Réxime xurídico aplicable.*

A cooperación entre as autoridades españolas e as dos demais Estados membros da Unión Europea, para os efectos sinalados no artigo anterior, rexeráse por esta lei, así como polo disposto nos convenios bilaterais ou multilaterais con outros Estados membros, nos protocolos ou convenios que os modifiquen ou substitúan e naquelas normas directamente aplicables da Unión Europea en materia de cooperación xudicial penal.

## TÍTULO I

### Intercambio de información sobre antecedentes penais

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

*Artigo 3. Autoridade competente en España para remitir e recibir información sobre antecedentes penais.*

En España, a autoridade central competente para remitir e recibir a información das notas de condena de antecedentes penais pola comisión de infraccións penais é o Rexistro Central de Penados.

*Artigo 4. Procedemento de intercambio de información sobre antecedentes penais.*

1. O intercambio de información relativa aos antecedentes penais entre o Rexistro Central de Penados de España e as autoridades centrais dos restantes países membros realizarase por vía electrónica, de acordo cun conxunto común de protocolos informáticos e con base nunha infraestrutura común de comunicacións.

2. Cando non sexa posible utilizar o procedemento previsto no número anterior, a información intercambiarase a través do formulario que figura no anexo desta lei, por calquera medio que deixe constancia escrita, en condicións que permitan establecer a súa autenticidade.

O formulario traducirase para a lingua oficial ou para unha das linguas oficiais do Estado a que se dirixe ou, se for o caso, para unha das linguas oficiais acordadas polo dito Estado.

#### CAPÍTULO II

### Notificacións de sentenzas condenatorias firmes entre os Estados membros da Unión Europea

*Artigo 5. Notas de condena relativas a españois derivadas de sentenzas firmes ditadas noutros Estados membros.*

1. O Rexistro Central de Penados inscribirá as notas de condena transmitidas como firmes que, por considerar que se refiren a unha persoa con nacionalidade española, lle fosen remitidas pola autoridade central do Estado membro de condena. Se o Rexistro Central de Penados ten constancia certa de que a notificación se refire a unha persoa que non ten a nacionalidade española, rexeitaráa, salvo que a dita persoa fose condenada en España con anterioridade, sexa ou fose residente en España ou tivese a nacionalidade española.

Cando a notificación se refira a menores de idade penal de acordo coa lexislación do Estado de condena ou a lexislación nacional, só se terán en conta para efectos da súa transmisión a outros Estados membros.

2. O Rexistro Central de Penados modificará ou cancelará a información a que se refire o número anterior cando así llo comunique a autoridade central do Estado membro de condena.

A cancelación significará a eliminación física dos antecedentes cando así o comunique a autoridade central do Estado de condena.

Artigo 6. *Obriga de información sobre as condenas pronunciadas en España.*

1. O Rexistro Central de Penados informará sobre as condenas pronunciadas en España á autoridade central do Estado da nacionalidade do condenado, advertindo que tal información non poderá ser retransmitida para a súa utilización fóra dun proceso penal.

Cando o condenado teña a nacionalidade de varios Estados membros, a información deberase transmitir a cada un deles.

2. O Rexistro Central de Penados comunicará á autoridade competente do Estado membro da nacionalidade do condenado as posteriores modificacións ou cancelacións da información que consten nel.

Artigo 7. *Contido da información.*

1. Salvo en caso de descoñecemento, a información que o Rexistro Central de Penados remita de oficio, como autoridade do Estado de condena, ás autoridades competentes dos Estados membros da nacionalidade do condenado incluirá:

a) Información sobre o condenado: nome e apelidos e, se for o caso, nomes anteriores e alias, data e lugar de nacemento (cidade e Estado), nome dos pais, sexo, nacionalidade e documento de identidade.

b) Información sobre o carácter da condena: data da sentenza, data de firmeza da sentenza, órgano xudicial sentenciador e órgano xudicial de execución da sentenza, se for o caso.

c) Información sobre o delito que deu lugar á condena: delito ou delitos e precepto penal aplicado, data e lugar, se constar, de comisión do delito.

d) Información sobre o contido da condena: pena ou penas principais e accesorias, medidas de seguranza e resolucións posteriores que modifiquen a execución da pena.

2. O Rexistro Central de Penados poderá, ademais, proporcionar información relativa a impresións dactilares obtidas e calquera outra relativa á condena que conste nel.

Artigo 8. *Prazos para as notificacións.*

As notificacións das condenas penais relativas a nacionais dos países membros da Unión Europea ditadas polos xuíces e tribunais españois comunicaranse canto antes e como máximo no prazo de dous meses contados a partir do momento en que fosen remitidas ao Rexistro Central de Penados.

### CAPÍTULO III

#### **Información sobre antecedentes penais por petición dunha autoridade central**

Artigo 9. *Información sobre antecedentes penais.*

A información sobre antecedentes penais comprende a que consta no Rexistro Central de Penados, de acordo coas súas normas reguladoras, con exclusión das notas canceladas.

Cando se trate de nacionais doutros Estados membros ou persoas que tiveron residencia ou nacionalidade neles, a información comprenderá, ademais, as anotacións que constan nos rexistros nacionais correspondentes, de acordo cos seus respectivos ordenamentos xurídicos, polas que se condenen persoas físicas pola comisión de infraccións penais.

Cando se trate de nacionais de terceiros países, ou persoas que tiveron residencia ou nacionalidade neles, a información comprenderá, ademais, as anotacións sobre condenas remitidas polas autoridades correspondentes, en virtude de convenio.

Artigo 10. *Consultas sobre antecedentes penais.*

1. O Rexistro Central de Penados poderá consultar á autoridade central doutro Estado membro sobre antecedentes penais relativos a unha persoa cando se requiran no marco dun proceso penal ou con calquera outro fin válido no ordenamento xurídico español.

2. Cando o Estado requirido denegue unha información por non ser o Estado de condena e este prohibise a súa retransmisión para fins á marxe dun proceso penal, o Rexistro Central de Penados solicitará do Estado de condena a información de que se trate.

3. Cando un cidadán interesado solicite a emisión dun certificado de antecedentes penais en España, deberá facer constar se ten ou tivo nacionalidade ou residencia noutro Estado membro. Neste caso, o Rexistro Central de Penados solicitará á autoridade central correspondente que proporcione a información que poida ter sobre a dita persoa co obxecto de completar a súa información.

Artigo 11. *Resposta a consultas formuladas pola autoridade central doutros Estados membros.*

1. O Rexistro Central de Penados responderá ás consultas que formule a autoridade central doutro Estado, incluíndo:

- a) As notas de condena non canceladas ditadas por tribunais españois.
- b) As notas de condena ditadas por tribunais estranxeiros sobre as que non se comunicase a súa cancelación.

2. En caso de que a consulta non se formule no marco dun procedemento penal, a resposta comprenderá toda a información dispoñible na medida en que a poidan obter as autoridades españolas, e a autoridade central do Estado que solicita a información deberá facer constar que conta co consentimento do interesado, salvo nos casos en que, de acordo coa lexislación española, a obriga de achegar o certificado de antecedentes penais veña establecida por norma con rango de lei.

Se existe información procedente doutros Estados membros e foi remitida como non retransmisible fóra do marco dun proceso penal, o Rexistro Central de Penados informará deste feito a autoridade central correspondente.

Artigo 12. *Prazos de resposta.*

A información sobre antecedentes penais por petición dunha autoridade central doutro Estado membro deberá ser respondida respectando os seguintes prazos:

a) Dez días hábiles desde a data de recepción da consulta, cando a autoridade competente dun Estado membro solicite ao Rexistro Central de Penados información sobre os antecedentes penais dun condenado para o seu uso nun proceso penal ou para calquera outro fin.

En caso de que o Rexistro Central de Penados necesite información adicional para identificar a persoa a que se refire a solicitude, poderá consultar ao Estado membro requirente, respondendo, en todo caso, no prazo de dez días hábiles desde que lle sexa proporcionada a nova información solicitada.

b) Vinte días hábiles desde a data de recepción da consulta, cando a partir da solicitude dun particular sobre os seus antecedentes penais, a autoridade competente dun Estado membro solicite ao Rexistro Central de Penados información sobre os antecedentes penais dun condenado que sexa ou fose español ou residente en España.

Artigo 13. *Condicións de uso dos datos solicitados.*

1. Os datos persoais incluídos na resposta enviada por outro Estado membro sobre os antecedentes penais dunha persoa só poderán ser utilizados para os fins con que

foron solicitados e non serán conservados no Rexistro Central de Penados, salvo que a solicitude fose realizada polo propio Rexistro Central de Penados para actualizar debidamente a información rexistrada, facendo constar este propósito na solicitude.

2. A información remitida a outros Estados non membros da Unión Europea de acordo cos convenios e tratados internacionais subscritos por España, en relación cos antecedentes penais dun condenado de nacionalidade española, deberá ter en conta, en relación coas notas de condena que lle transmitiron outros Estados membros, os límites previstos para a transmisión de información entre Estados membros.

3. Sen prexuízo do establecido nos números anteriores, os datos de carácter persoal comunicados ao Rexistro Central de Penados por outro Estado membro poderán ser utilizados para a protección da orde pública ou da seguranza nacional en casos de ameaza inminente e grave.

## TÍTULO II

### **Consideración de resolucións condenatorias ditadas noutros Estados membros da Unión Europea**

Artigo 14. *Efectos xurídicos das resolucións condenatorias anteriores sobre o novo proceso penal.*

1. As condenas anteriores firmes ditadas noutros Estados membros contra a mesma persoa por distintos feitos producirán, con motivo dun novo proceso penal, os mesmos efectos xurídicos que corresponderían a tal condena se foi ditada en España, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que se impuxese por feitos que sexan punibles de conformidade coa lei española vixente na data da súa comisión.
- b) Que se obtivese información suficiente sobre as ditas condenas a través dos instrumentos de asistencia xudicial aplicables ou mediante o intercambio de información extraída dos rexistros de antecedentes penais.

2. Non obstante o disposto no número anterior, as condenas firmes ditadas noutros Estados membros non terán ningún efecto nin tampouco poderán provocar a súa revogación ou revisión:

- a) Sobre as sentenzas firmes ditadas con anterioridade a aquelas polos xuíces ou tribunais españois, nin sobre as resolucións adoptadas para a súa execución.
- b) Sobre as sentenzas de condena que se impoñan en procesos posteriores seguidos en España por delitos cometidos antes de que ditasen sentenza de condena os tribunais do outro Estado membro.
- c) Sobre os autos ditados ou que se deban ditar, conforme o disposto no parágrafo terceiro do artigo 988 da Lei de axuízamento criminal, que fixen os límites de cumprimento de penas entre as que se inclúa algunha das condenas a que se refire a letra b).

3. Os antecedentes penais que consten no Rexistro Central teranse por cancelados, aínda que procedan de condenas ditadas noutros Estados, para efectos da súa toma en consideración en España polos xuíces e tribunais de acordo co dereito español, a menos que antes comunique a súa cancelación o Estado de condena.

Artigo 15. *Solicitude de antecedentes penais doutros Estados para a súa consideración nun novo proceso penal.*

O xuíz ou tribunal ou o Ministerio Fiscal obterán a información relativa ás resolucións condenatorias ditadas noutros Estados mediante o intercambio de información sobre antecedentes penais ou a través dos instrumentos de asistencia xudicial vixentes.

Para estes efectos, cando se trate de nacionais doutros Estados membros da Unión Europea ou cidadáns que tiveron residencia ou nacionalidade noutro Estado, ou nacionais doutros Estados cos cales se subscribise o correspondente convenio de cooperación, o xuíz ou tribunal ou o Ministerio Fiscal obterán de oficio os antecedentes penais dos imputados.

Disposición adicional única. *Condenas anteriores ao 15 de agosto de 2010.*

En ningún caso serán tidas en conta para a aplicación da presente lei as condenas ditadas por un tribunal dun Estado membro da Unión Europea con anterioridade ao 15 de agosto de 2010.

Disposición derradeira primeira. *Preceptos non orgánicos.*

Os preceptos comprendidos no título I desta lei non teñen natureza orgánica.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación penal e procesual.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpóranse ao dereito español:

a) A Decisión marco 2008/675/JAI, do 24 de xullo de 2008, relativa á consideración das resolucións condenatorias entre os Estados membros da Unión Europea con motivo dun novo proceso penal.

b) A Decisión marco 2008/315/JAI, do 26 de febreiro de 2009, relativa á organización e ao contido do intercambio de información dos rexistros de antecedentes penais entre os Estados membros.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 12 de novembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY



## ANEXO

### Formulario para o intercambio de información dos rexistros de antecedentes penais entre os Estados membros

#### Solicitud de información do rexistro de antecedentes penais

Con obxecto de cubrir este formulario correctamente, pídese aos Estados membros que consulten o manual de procedemento

a) Información sobre o Estado membro requirente:

Estado membro:

Autoridade ou autoridades centrais:

Persoa de contacto:

Teléfono (con prefixo):

Enderezo de correo electrónico:

Enderezo postal:

Referencia do expediente, se se coñece:

b) Información sobre a identidade da persoa a que se refire a solicitude (\*):

Nome completo (todos os nomes e apelidos).

Nomes anteriores:

Pseudónimos ou alias, se os ten:

Sexo: M  F

Nacionalidade:

Data de nacemento (en cifras: dd/mm/aaaa):

Lugar de nacemento (cidade e Estado):

Apelidos do pai:

Apelidos da nai:

Domicilio ou enderezo coñecido:

Número persoal de identidade, ou tipo e número do documento de identidade persoal:

Impresións dactilares:

Outros datos dispoñibles que permitan a súa identificación:

\_\_\_\_\_

(\* ) Para facilitar a identificación da persoa debe darse toda a información que sexa posible.

c) Finalidade da solicitude:

*Márquese o recadro que proceda*

- 1)  Procedemento penal (especificíquese a autoridade ante a cal estea incoado o procedemento e o número de referencia do asunto se se coñece) .....
- 2)  Solicitude para fins distintos dun procedemento penal (especificíquese a autoridade ante a cal estea incoado o procedemento e o número de referencia do asunto, se se coñece, marcando o recadro que proceda):
- i)  dun órgano xurisdiccional .....
- ii)  dun órgano administrativo habilitado .....
- iii)  de información do propio interesado sobre os seus antecedentes penais .....

Finalidade para a que se solicita a información:

Autoridade requirente:

O interesado non autoriza a divulgación da información (se se solicitou a súa autorización de acordo co dereito do Estado membro requirente).

Persoa de contacto en caso de que sexa necesaria información adicional:

Nome e apelidos:

Número de teléfono:

Enderezo de correo electrónico:

Outras informacións (por exemplo, urxencia da solicitude):

### Resposta á solicitude

Información sobre a persoa a que se refire a solicitude

*Márquese o recadro que proceda*

A autoridade que subscribe confirma o seguinte:

- non consta ningunha información sobre condenas no rexistro de antecedentes penais da citada persoa;
- consta información sobre condenas no rexistro de antecedentes penais da citada persoa; xúntase relación das condenas;
- consta información doutro tipo no rexistro de antecedentes penais da citada persoa; xúntase a información (optativo);
- consta información sobre condenas no rexistro de antecedentes penais da citada persoa pero o Estado membro de condena comunicou que a información sobre as ditas condenas non se pode retransmitir para fins distintos dun procedemento penal. Pode solicitarse información adicional directamente a ..... (indíquese o Estado membro de condena);
- conforme o dereito nacional do Estado membro requirido non se permite tramitar solicitudes formuladas para fins distintos dun procedemento penal.

Persoa de contacto en caso de que sexa necesaria información adicional:

Nome e apelidos:

Número de teléfono:

Enderezo de correo electrónico:

Outras informacións (limitacións para o uso dos datos de que se trata solicitados fóra do marco dos procedementos penais):

Indíquese o número de páxinas que se xuntan ao formulario de resposta:

En

o

Sinatura e selo oficial (se for o caso):

Nome e cargo/organismo:

Cando proceda, xúntese a relación das condenas e remítase toda a información ao Estado membro requirente. Non é necesario traducir o formulario nin a relación das condenas para a lingua do Estado membro requirente.